


NORMAS CONGRESUAIS
11º CONGRESO
SINDICATO NACIONAL DE
CCOO DE GALICIA

(Aprobadas polo Consello Nacional o 30 de setembro de 2016)



NORMAS CONGRESUAIS

11º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

ÍNDICE

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Primeira. Obxecto das normas congresuais e do proceso congresual xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e das súas organizacións

Segunda. Convocatoria do proceso congresual

Terceira. Estrutura do proceso congresual e calendario

Cuarta. Censos electorais

Quinta. Convocatoria e acreditación de delegados e delegadas

Sexta. Participación dos delegados e delegadas

Sétima. Mesa do congreso

Oitava. Comisión Técnica do congreso

Novena. Comisión de Candidaturas

Décima. Requisitos dos candidatos

Décimo primeira. Requisitos para a presentación de candidaturas á elección de delegados e delegadas e órganos do sindicato

Décimo segunda. Presentación dun mesmo candidato ou candidata en máis dunha candidatura

Décimo terceira. Renuncia de candidatos e candidatas

Décimo cuarta. Votacións, escrutinio, atribución e información de resultados

Décimo quinta. Actas

Décimo sexta. Comisións de Interpretación de Normas

CAPÍTULO II. Das normas específicas para a celebración das conferencias e asembleas congresuais de nivel I no marco do 11º Congreso da Confederación Sindical de CCOO

1. Anexo de contido específico e calendario de conferencias congresuais e asembleas congresuais
2. Documentación previa
3. Seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa
4. Centros de traballo e/ou empresas ou sección sindical sen delegación propia
5. Obxecto das conferencias e asembleas congresuais
6. Convocatoria das conferencias congresuais e asembleas congresuais
7. Órgano convocador da conferencia congresual ou das asembleas congresuais das seccións sindicais constituídas
8. Órgano convocador das asembleas congresuais correspondentes aos agrupamentos de centros de traballo e/ou empresa ou sección sindical sen delegación propia
9. Censo electoral
10. Orde do día e regulamento das conferencias e das asembleas congresuais
11. Presidencia das conferencias congresuais
12. Presenza das asembleas congresuais
13. Funcións da presidencia
14. Desenvolvemento das conferencias e asembleas congresuais
15. Colexios electorais
16. Mesas electorais
17. Funcións e competencias das mesas electorais
18. Presentación de candidaturas
19. Actas

CAPÍTULO III. Das normas específicas para o desenvolvemento do proceso congresual nos niveis II e III no marco do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia

1. Convocatoria específica e funcionamento dos congresos de nivel II e III
2. Composición dos congresos
3. Orde do día dos congresos
4. Regulamento do congreso

CAPÍTULO IV. Sobre o 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Artigo 1º Data de celebración e número de delegados e delegadas

Artigo 2º Delegacións ao 11º Congreso

Artigo 3º Regulamento do congreso

Artigo 4º Presidencia do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia

Artigo 5º Comisións do congreso

CAPÍTULO V. Das normas sobre os acordos dos congresos previos ao 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

CAPÍTULO VI. Procedemento de reclamacións no marco do 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Procedemento de reclamacións sobre os actos do 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Criterios comúns

Disposicións finais

ANEXO I. Número de delegados e delegadas que comporán as diferentes asembleas congressuais e congresos de nivel II, III e IV

ANEXO II. Procedemento extraordinario de urxencia da Comisión de Garantías Confederal para a resolución dos recursos aos procesos congressuais

Artigo 1º Ámbito

Artigo 2º Comisión Permanente

Artigo 3º Presentación de recursos

Artigo 4º Tramitación

NORMAS DO PROCESO CONGRESUAL DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

O Consello Nacional, na súa reunión do 30 de setembro de 2016, aprobou a convocatoria do 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.

Tendo en conta o disposto no artigo 24 c) 2 dos Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia, tamén se aprobaron as Normas congresuais que rexerán o proceso congresual do Sindicato Nacional.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Primeira. Obxecto das normas congresuais e do proceso congresual xeral do S. N. de CCOO de Galicia e das súas organizacións

1. Estas normas, xunto cos Estatutos Confederais e do Sindicato Nacional, son as regras básicas do proceso congresual que se desenvolverá no marco das normas do 11º Congreso do Sindicato Nacional.
2. No proceso congresual do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia elixíranse os seus órganos estatutarios, así como de todas as súas estruturas organizativas e someteranse a debate, emenda e aprobación os diversos relatorios das organizacións de ámbito confederal, territorial e federal.

Segunda. Convocatoria do proceso congresual

1. Coa convocatoria do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia, ademais de aprobar o recollido nos Estatutos actuais, quedan convocadas todas as asembleas congresuais, conferencias congresuais e congresos do conxunto do S. N. de CCOO de Galicia, actos que deben celebrarse dentro das datas sinaladas no calendario fixado nestas Normas.
2. Para o suposto de que, debido a incidencias ou reclamacións ou outras circunstancias sobrevidas, estes actos non puidesen celebrarse nos períodos previstos, estarase ao que se acorde na resolución da Comisión de Interpretación de Normas (CIN) do S. N. de CCOO de Galicia.
3. Os mandatos dos congresos extraordinarios vixentes verán reducida a súa duración. Desta maneira, todas as organizacións da Confederación realizarán os congresos dentro do mesmo proceso congresual. Ao mesmo tempo, os congresos daquelas organizacións que, por causas excepcionais, se realizaron fóra do calendario establecido no proceso congresual anterior, así como os congresos extraordinarios pendentes de convocar, adaptaranse ao calendario fixado nestas normas.

Polo tanto, todos os órganos estatutarios do S. N. de CCOO de Galicia serán obxecto de elección no presente proceso congresual e por iso, todas as persoas

integrantes dos actuais órganos sindicais cesarán nas súas funcións no momento en que se constituán cada un dos congresos e conferencias.

4. As estruturas organizativas dos niveis I, II e III absteranse de elaborar normas congresuais, e deberán rexerse única e exclusivamente polas da súa rama ou territorio, segundo proceda. Para a execución do proceso congresual nestes ámbitos aprobarán un ANEXO específico de contido organizativo que recolla as súas circunstancias particulares e concretas: número de asembleas, participantes, orde do día, regulamento, número de delegados e delegadas que se han elixir, etc., e todo iso, dentro do calendario fixado polas organizacións confederadas do seu ámbito.
5. Estes anexos de contido organizativo, que deberán ser aprobados antes do **15 de outubro de 2016**, poderán ser obxecto de reclamación ante a CIN do seu ámbito nos dous días seguintes á súa aprobación e publicación na páxina web.
6. As seccións sindicais constituídas poderán realizar a súa conferencia congresual correspondente e simultanear a elección dos seus órganos de dirección e, se for o caso, a da delegación que deberá asistir aos congresos de nivel II, dentro das datas sinaladas no calendario para o nivel I.

As seccións sindicais constituídas que, na data da aprobación destas normas, leven catro anos ou máis sen renovar os seus órganos de dirección, teñen a obriga de realizar a conferencia dentro das datas sinaladas no calendario para o nivel I.

Terceira. Estrutura do proceso congresual e calendario

Nivel I.- Corresponde ás asembleas congresuais das seccións sindicais constituídas que cumpran cos requisitos establecidos nas normas específicas para o nivel I, e das asembleas congresuais agrupadas. Tamén se inclúen neste nivel organizativo as conferencias das seccións sindicais do mesmo ámbito territorial.

Celebraranse do 12 de decembro de 2016 ao 31 de xaneiro de 2017.

Nestas asembleas congresuais elixiranse os delegados e delegadas que asistirán aos congresos de nivel II.

Nas conferencias congresuais elixiranse os delegados e delegadas que asistirán aos congresos ou asembleas de nivel II e os órganos da sección sindical.

O 7 de febreiro de 2017 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaron sobre o desenvolvemento das asembleas congresuais de nivel I.

Nivel II.- Corresponde aos congresos dos sindicatos comarcais ou intercomarcais, ou asembleas congresuais do mesmo ámbito onde non están constituídos.

Celebraranse do 13 ao 25 de febreiro de 2017.

Nestes congresos elixiranse as delegacións que asistirán aos congresos das federacións nacionais e unións comarcais ou intercomarcais e os seus órganos de dirección específicos, se están debidamente constituídos.

O 4 de marzo de 2017 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento do proceso congresual do nivel II.

Nivel III.- Corresponde aos congresos das federacións de nacionalidade e unións comarcais ou intercomarcais.

Os congresos das unións comarcais ou intercomarcais celebraranse:

- do 6 ao 11 de marzo de 2017 e do 20 ao 25 de marzo de 2017.

Os congresos das federacións nacionais celebraranse:

- do 13 ao 18 de marzo de 2017 e do 27 de marzo ao 1 abril de 2017.

As federacións nacionais que non teñan que celebrar asembleas congresuais ou congresos de nivel II poderán tamén celebrar as súas asembleas e congresos nos períodos establecidos polas súas federacións de ámbito estatal, **entre o 13 e o 25 de febreiro de 2017.**

Nestes congresos elixiranse as delegacións que asistirán aos congresos das federacións estatais e das confederacións de nacionalidade e os seus órganos de dirección específicos.

O 8 de abril de 2017 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel III.

Nivel IV.- Corresponde aos congresos das federacións estatais e das confederacións de nacionalidade.

Os congresos correspondentes ás confederacións de nacionalidade celebraranse:

- do 3 ao 8 de abril de 2017, do 3 ao 6 de maio de 2017, do 15 ao 20 de maio de 2017 e do 29 de maio ao 3 de xuño de 2017. Neles elixiranse os seus órganos estatutarios e a delegación que asistirá ao 11º Congreso Confederal.

Os congresos correspondentes ás federacións estatais celebraranse:

- do 17 ao 23 de abril de 2017, do 8 ao 13 de maio de 2017 e do 22 ao 27 de maio de 2017. Neles elixiranse os seus órganos estatutarios e as delegacións asistirán ao 11º Congreso Confederal.

O 10 de xuño de 2017 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel IV.

Nivel V.- Corresponde ao 11º Congreso Confederal

O 11º Congreso Confederal celebrarase os días **29, 30 de xuño e 1 de xullo de 2017.**

O 9 de xuño de 2017 será a data límite para recibir na Secretaría confederal de Organización e Comunicación as emendas e delegacións elixidas nos congresos das federacións estatais e confederacións de nacionalidade.

Cuarta. Censos electorais

1. O peche provisional dos censos electorais farase o **31 de outubro de 2016**. Estes censos, emitidos e certificados pola UAR Confederal, serán a listaxe básica sobre a que os afiliados e afiliadas poderán realizar as impugnacións que estimen convenientes, de acordo co disposto respecto diso nestas normas.

Os censos deberanse extraer da UAR entre o **2 e o 6 de novembro de 2016**.

2. Os censos estarán baixo a custodia e responsabilidade da correspondente Secretaría de Organización de cada ámbito, e a eles poderán acceder os afiliados e afiliadas para comprobaren que están debidamente incluídos neles.
3. As reclamacións ao censo faranse dentro do período comprendido entre o **7 e o 19 de novembro de 2016** ante a CIN da federación estatal ou unión rexional que proceda.
4. Nos supostos de impugnación por exclusión, acompañarase coa reclamación o xustificante bancario de pagamento ou das nóminas en que conste o desconto da cotización.
5. A CIN resolverá as impugnacións antes do **25 de novembro de 2016**; comunicará a resolución á persoa impugnante e á UAR dentro deste mesmo prazo, e proclamará antes do **30 de novembro de 2016** o censo definitivo que se utilizará para a presentación das candidaturas ante o colexio electoral e para efectuar a correspondente acreditación ao comezo das asembleas congresuais e o exercicio do dereito a voto.

As mesas electorais disporán do censo definitivo, quedando baixo a súa custodia e responsabilidade durante a celebración da fase electiva.

6. Os censos electorais definitivos, que se utilizarán para presentar candidaturas ante o colexio electoral e para efectuar a correspondente acreditación ao inicio das asembleas congresuais e o exercicio do dereito a voto, emitiraos e certificaraos a UAR Confederal, e deberán ser extraídos entre o **1 e o 9 decembro de 2016**.

Quinta. Convocatoria e acreditación de delegados e delegadas

1. As persoas elixidas delegadas para asistir ao congreso serán debidamente convocadas pola Secretaría de Organización do ámbito en que se celebra o congreso.
2. A convocatoria aos delegados e delegadas, á que se acompañará a orde do día e o regulamento do congreso, realizarase cunha antelación mínima de cinco días á celebración do congreso, salvo as substitucións, que se farán con, polo menos, un día. A convocatoria cursarase preferentemente por correo electrónico con xustificante de recepción.
3. As persoas convocadas deberán acreditarse ante a Comisión técnica do congreso dentro do prazo que se estableza no regulamento.

4. A Comisión técnica entregará á persoa delegada un cartón identificativo que a acreditará como delegado ou delegada ao congreso.

Sexta. Participación dos delegados e delegadas

1. Participarán con plenitude de dereitos nos congresos de nivel II, III, IV e Confederal todas as persoas afiliadas a CCOO ao corrente do pagamento das súas cotas e que fosen elixidas delegadas conforme a estas normas.
2. É incompatible presentarse para ser elixido delegado para un congreso no que xa se desempeña esa representación. De se presentar, a candidatura en que figure a persoa xa elixida deberá ser emendada.
3. As persoas integrantes das comisións executivas, ou se é o caso das comisións xestoras ou das direccións provisionais, de cada ámbito organizativo poderán ser delegadas natas ao congreso, pero en ningún caso poderán exceder do 10 por 100 do total das convocadas en cada ámbito. Se o número de persoas integrantes da comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional excedese o devandito 10 por 100 do total, só asistirán como natas unha parte delas, respectando a proporcionalidade que puidese existir entre as integrantes da devandita comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional dentro do límite do citado 10 por 100.
4. A elección das persoas delegadas natas efectuarase no seo da comisión executiva de cada ámbito con anterioridade ao comezo da fase de elección de delegados e delegadas para o concreto congreso.

Sétima. Mesa do congreso

1. Na sesión de apertura de cada un dos congresos constituirase a mesa presidencial coas persoas que fosen elixidas regulamentariamente; entre elas elixirán un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria.

A secretaría de organización da comisión executiva saínte informará o pleno do congreso do nome das persoas elixidas en cada ámbito para formar parte da mesa do congreso, chamaraas para que se reúnan e para que entre elas elixan a presidencia e a secretaría.

2. A presidencia dos congresos terá a función de moderar os debates, se é o caso, ler as propostas de resolución, establecer os tempos para as distintas intervencións e sometelas a votación, recibir e xustificar a recepción das candidaturas e de todo tipo de documentos que lle sexan presentados e comunicar as emendas que se deban realizar. O presidente ou presidenta do congreso será o seu portavoz.

A presidencia do congreso contará coa asistencia da comisión técnica.

Oitava. Comisión técnica do congreso

1. Para a celebración dos congresos, a comisión executiva da organización respectiva nomeará unha comisión técnica que contará coa asistencia necesaria da secretaría de organización, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso.
2. A comisión técnica constituirase no tempo e na forma que correspondan, de acordo co disposto no regulamento que rexa o congreso.
3. A comisión técnica terá as funcións seguintes:
 - A organización interna do congreso
 - As relacións coa prensa
 - As relacións coas delegacións estranxeiras, nacionais e invitadas ao congreso
 - A coordinación das comisións do congreso coa presidencia
 - A preparación, de acordo coa presidencia, da documentación necesaria para levar a cabo a orde do día do congreso.
 - A fixación, de acordo coa presidencia, das quendas de palabras das delegacións estranxeiras e convidados.
 - A verificación da identidade das persoas delegadas convocadas e a entrega da correspondente acreditación
 - A verificación de que as candidaturas presentadas polos delegados e delegadas cumpren os requisitos establecidos no artigo 10 dos Estatutos do Sindicato Nacional e nestas normas
 - Para o suposto de que algunha das candidaturas presentadas contivese erros susceptibles de ser emendados, é dicir, incumprimento de requisitos establecidos expresamente no artigo 10 dos Estatutos, a comisión comunicará á presidencia do congreso os erros detectados para que habilite un prazo —que fixará con criterios de razoabilidade— ao presentador ou presentadora da candidatura para a súa emenda.
 - A provisión, de acordo coa presidencia, dos medios para redactar as actas das sesións do congreso.
 - A comunicación á presidencia dos resultados das votacións.
 - E cantas funcións lle encargue a presidencia do congreso, da que dependerá, ata a elección dunha nova dirección.
4. A secretaría técnica do congreso contará coa correspondente documentación (relación de persoas delegadas convocadas, substitucións, credenciais, etc.), que lle facilitará a Secretaría de Organización.
5. As incidencias que xurdan na acreditación de delegados e delegadas trasladarallas a comisión técnica á mesa presidencial para a súa resolución.

A resolución da mesa poderá ser impugnada ante a CIN que corresponda dentro do día seguinte.

6. Unha vez finalizado o prazo habilitado regulamentariamente para formalizar as acreditacións, a comisión técnica redactará a acta das súas actuacións, facendo constar o número de persoas convocadas e as efectivamente acreditadas, desagregando esta información por sexos.

A acta deberá ser asinada en todas as súas follas polas persoas integrantes da comisión técnica e será entregada á mesa presidencial xunto coa correspondente documentación.

7. A comisión técnica finalizará as súas funcións coa clausura do congreso.

Novena. Comisión de candidaturas

1. Nos congresos constituirase no tempo e na forma que correspondan, consonte o disposto no regulamento que o rexa, unha comisión de candidaturas que será a encargada de propor ao pleno do congreso o número de persoas que integrarán os órganos do sindicato.
2. De acordo co establecido nos nosos estatutos, as eleccións deberán estar presididas en todo momento por criterios de unidade, e por iso lle corresponde á comisión traballar coas candidaturas presentadas na dirección de propor candidaturas únicas, sen prexuízo de que estas teñan que ser referendadas en votación libre e secreta polos delegados e delegadas debidamente acreditados.
3. Rematado o seu traballo, a comisión redactará a acta do resultado do seu traballo e entregaralla á presidencia do congreso cando lle sexa requirida, xunto coa correspondente documentación.
4. Transcorrido o prazo fixado, a mesa presidencial proclamará a candidatura ou candidaturas que cumpran os requisitos.

Décima. Requisitos das candidatas e candidatos

1. Os candidatos e candidatas a formar parte dos órganos da estrutura sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, distintas á sección sindical, acreditarán unha antigüidade mínima de seis meses anterior á data da convocatoria da elección, salvo para aqueles órganos en que se estableza outra antigüidade diferente nos estatutos.
2. Non poderán ser candidatos/as á secretaría xeral das federacións estatais, federacións nacionais, sindicatos comarcais, intercomarcais ou provinciais, confederacións de nacionalidade, unións comarcais e intercomarcais as persoas afiliadas que xa desempeñasen o cargo durante tres mandatos consecutivos.
3. Todas as persoas candidatas deben estar ao corrente de pagamento das súas cotas.
4. As persoas candidatas a formar parte dos distintos órganos de dirección da estrutura sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia manifestarán, coa

aceptación da candidatura, que coñecen e aceptan de forma expresa o establecido no artigo 39 dos Estatutos do Sindicato Nacional así como o establecido no código de conduta confederal aprobado o 4 de marzo de 2015 polo Consello Confederal.

Décimo primeira. Requisitos para a presentación de candidaturas á elección de delegados e delegadas e órganos do sindicato

1. As candidaturas presentaranse ante a presidencia do congreso, empregando o modelo que acompaña estas normas (anexo VI), con todos os datos cubertos, sinalando a orde dos candidatos e candidatas e asinada por estes como aceptación expresa.

Entenderase que as candidaturas que se presenten neste proceso congresual cumpren co requisito de constancia da aceptación indubidable (artigo 9, Estatutos do Sindicato Nacional) cando van coa sinatura orixinal e acompañada de fotocopia de DNI, NIE, carné de conducir ou pasaporte de cada compoñente destas.

No caso de os candidatos ou candidatas atopárense acreditados no congreso, non é necesario achegar a fotocopia do documento de identificación.

2. Salvo para a elección dos delegados e delegadas no nivel I, todas as candidaturas contarán por forza con, polo menos, o 10% de avais das persoas delegadas acreditadas no congreso, avais que inescusablemente deben presentarse xunto coa candidatura.
3. Cada candidatura designará unha persoa representante, que poderá ser ou non candidata —pero que no nivel I debe ser afiliada no ámbito da asemblea e no resto dos niveis debe ser delegada—, que será quen presentará a candidatura e se responsabilizará da veracidade dos datos que contén a candidatura e á que se farán as notificacións que correspondan.

Este representante poderá interpor reclamacións en nome da candidatura ou dos candidatos e candidatas e nomear un interventor por cada candidatura.

4. No desenvolvemento de CCOO como sindicato de homes e mulleres, e para lograr a plena participación, compromiso e responsabilidade nas delegacións que corresponde elixir nas asembleas congresuais, as candidaturas nas organizacións en que a afiliación de homes ou mulleres sexa inferior ao 30% incorporarán como mínimo un número de homes e mulleres proporcional ao mesmo número de afiliados e afiliadas na devandita organización incrementado nun 10%.

Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30% do total da afiliación, as candidaturas gardarán a proporción do 60/40% para cada xénero. As proporcións mencionadas deberán ser respectadas nas listas nos dous niveis: titulares e suplentes.

Nas asembleas congresuais do primeiro nivel, o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas para as delegacións que se elixan para os outros niveis

congresuais, será proporcional á afiliación de cada xénero na circunscrición congresual correspondente.

A colocación nas listaxes das candidatas e candidatos realizarase da seguinte maneira:

- a) Nas organizacións en que a afiliación dalgún dos dous sexos sexa inferior ao 30% para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse garantindo a alternancia entre homes e mulleres que se correspondan coas porcentaxes de afiliación de cada sexo.
- b) Nas organizacións en que a afiliación dos dous sexos sexa igual ou superior ao 30% para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse en cremalleira, alternando sucesivamente un e outro sexo. No caso de que a proporción exposta na candidatura sexa inferior ao 50% para algún sexo, confeccionarase a candidatura en cremalleira desde a primeira posición ata onde o número de candidatos e candidatas o permita.

Para ese efecto, as estruturas sindicais, incluídas as de centro de traballo, deberán dispor, no proceso electoral, dos datos de afiliación (número e porcentaxe que representan sobre o total da afiliación) desagregados por sexo e idade, e publicalos xunto co censo electoral.

5. Para todas as delegacións aos congresos deberase elixir, como mínimo, un 20 por 100 de persoas delegadas suplentes, que só substituirán as titulares logo da renuncia por escrito asinado, explicando as razóns da súa non asistencia; os documentos de renuncia de titulares deberán entregarse á secretaría de organización do ámbito que convoca o congreso cunha antelación de, polo menos, un día á data fixada para a celebración.

No caso de máis dunha lista para elección da delegación aos congresos, enténdense que as persoas suplentes o serán por cada unha delas.

Para o suposto de que se teñan que realizar substitucións de delegados e delegadas, procederase de forma que a persoa substituta sexa do mesmo sexo ca a substituída.

Décimo segunda. Presentación dun mesmo candidato ou candidata en máis dunha candidatura

Se unha persoa afiliada se presenta en máis dunha candidatura dentro do mesmo ámbito electoral, causará baixa en todas elas e as candidaturas afectadas serán proclamadas co resto dos candidatos e sometidas a votación, se reúnen o resto dos requisitos.

Décimo terceira. Renuncia de candidatos e candidatas

1. De se producir a renuncia dalgún candidato ou candidata no período comprendido entre a presentación da candidatura e a proclamación provisional, concederáse a quen a presente un prazo prudencial de emenda.
2. De se producir a renuncia unha vez proclamada a candidatura provisional ou definitivamente, non invalidará a candidatura, sempre que conte co 60% como mínimo dos postos para elixir.

Décimo cuarta. Votacións, escrutinio, atribución e información de resultados

1. O acto de votar ten carácter persoal e intransferible, polo que ninguén pode representar un elector ou electora. O voto é libre, secreto e indelegable.
2. As votacións realizaranse perante mesa electoral da asemblea congresual ou a mesa da conferencia congresual ou congreso, segundo proceda, e para iso utilizaranse papeletas e urnas.
3. Finalizadas as votacións, procederáse á apertura das urnas e ao recuento dos votos emitidos pola presidencia da mesa electoral ou da conferencia ou congreso.
4. Consideraranse votos nulos:
 - a) Os que se emitan en papeletas diferentes do modelo oficial.
 - b) As papeletas en que se modifique, engada ou risque o nome dos candidatos e candidatas, alterando a súa orde de colocación, así como aquelas en que se introduza calquera lenda ou expresión, ou produza calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.
5. As papeletas ás que se lles negou validez uníranse á acta xunta aqueloutras que fosen obxecto dalgunha reclamación.
6. Mediante o sistema de representación proporcional, atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle corresponde, conforme ao cociente que resulte de dividir o número de votos válidos —sen ter en conta os votos en branco— polo de postos para cubrir. Os postos sobrantes, se for o caso, atribuiranse ás candidaturas, en orde decrecente, segundo os restos de cada unha delas. En caso de empate a votos ou de empate de enteiros ou de restos para a atribución do último posto para cubrir, elixírase quen teña máis antigüidade na afiliación; no caso de ser a mesma, quen teña menor idade.
7. A secretaría xeral será elixida por maioría simple de votos.
8. Os órganos de garantías serán elixidos polo sistema maioritario.
9. A presidencia da mesa informará o pleno do congreso dos resultados da votación, con mención expresa do número de electores/as acreditados, do número de votantes, do número de votos nulos, do número de votos en branco, do número de

votos obtidos por cada candidatura e das persoas que resultaron elixidas en cada unha das votacións.

Décimo quinta. Actas

Dos congresos redactarase a acta xeral que conterá, ademais dos datos identificativos das persoas que interviñeron no congreso, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, a desagregación destas por xénero, e, se for o caso, o nome do presidente ou presidenta da delegación e as reclamacións ou incidencias relevantes que se puidesen producir.

Esta acta xeral acompañarase das actas das distintas comisións, un exemplar de cada candidatura presentada, os votos nulos e os votos que, despois de lles dar validez, fosen impugnados.

Unha copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización das organizacións superiores de rama e territorio. As organizacións confederadas enviarana á Secretaría confederal de Organización e Comunicación.

A dita acta incorporarase ao Sistema Informático Confederal co resultado dos órganos de dirección elixidos.

Décimo sexta. Comisións de Interpretación de Normas (CIN)

1. A Comisión Executiva do Sindicato Nacional aprobará a creación da Comisión de Interpretación das Normas Congresuais (CIN) que, respectando a proporcionalidade existente no órgano, estará establecida e presidida pola Secretaría de Organización, e será a encargada de recibir e resolver, en primeira instancia, as reclamacións que sobre as normas congresuais e sobre calquera dos actos electorais realizados no desenvolvemento do proceso congresual dos niveis I, II, e III do Sindicato Nacional, lle sexan presentadas polas persoas afiliadas lexitimadas ou polas organizacións.
2. A súas resolucións son recorribles ante a CIN Confederal dentro dos prazos que se fixan nestas normas congresuais.
3. Todas as resolucións da CIN confederal teñen carácter definitivo e executivo. Rematada esta vía de reclamación, e para o exclusivo suposto de que o/a reclamante entendese que se vulneraron os principios de democracia interna recoñecidos nos estatutos, poderase recorrer polo procedemento extraordinario de urxencia ante a Comisión de Garantías Confederal, sen que a interposición do devandito recurso interrompa o desenvolvemento do proceso congresual.

CAPÍTULO II

DAS NORMAS ESPECÍFICAS PARA A CELEBRACIÓN DAS CONFERENCIAS E ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL I NO MARCO DO 11º CONGRESO DA CONFEDERACIÓN SINDICAL DE COMISIÓNS OBREIRAS

O nivel I do proceso congresual garante o exercicio dos dereitos básicos e a participación de todas as persoas afiliadas na toma de decisións no seu ámbito de encadramento. Así mesmo, estas persoas afiliadas serán electoras e elixibles como delegadas aos congresos superiores do sindicato, de acordo co disposto nestas normas.

Neste nivel I enmárcanse os procesos das seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa constituídas regulamentariamente e os dos agrupamentos dos centros de traballo e/ou empresa de ámbito, comarcal (ou se for o caso de ámbito autonómico uniprovincial).

Para facilitar e garantir o dereito ao voto de todas as persoas afiliadas, independentemente do seu encadramento nunha sección sindical nun agrupamento de centros de traballo e/ou empresa, poderase establecer un sistema de voto telemático e presencial.

Para a elaboración correcta dos censos das mesas electorais, as organizacións deberán encadrar correctamente a afiliación das súas seccións sindicais ou centros de traballo no Sistema Informático Confederal.

1º Anexo de contido específico e calendario de conferencias congresuais e asembleas congresuais

1. Os consellos ou, na súa falta, as comisións executivas das federacións de nacionalidade aprobarán antes do **15 de outubro de 2016** un anexo específico de contido organizativo que inclúa, entre outras materias, un calendario articulado do desenvolvemento temporal de todas as asembleas, conferencias e congresos do seu ámbito.
2. As conferencias e asembleas congresuais do nivel I celebraranse dentro do calendario previsto nestas normas congresuais; nelas, toda a afiliación que figure no censo definitivo da circunscrición electoral convocada poderá votar e elixir libremente, entre as candidaturas presentadas no seu ámbito, a delegación que asistirá ao congreso de nivel II ou, se for o caso, aos congresos de nivel III.
3. Os órganos convocadores teñen a obriga de executar a convocatoria dentro do calendario que aprobe a organización superior.

2º Documentación previa

Cada federación nacional enviará á súa estrutura dependente, se a houber, e ás organizacións superiores de rama e territorio, con tempo suficiente, a seguinte documentación:

- a) Relación nominal das seccións sindicais que deberán celebrar asemblea congresual ou conferencias congresuais por teren coeficiente de afiliación suficiente para a elección de delegación ao nivel II ou, se for o caso, ao nivel III. Esa información deberá introducirse no sistema informático confederal para poder participar nos procesos do nivel correspondente e/ou superior.
- b) Relación nominal das provincias, comarcas, vilas, polígonos, etc., que deben celebrar asemblea congresual de rama coa afiliación agrupada.
- c) Número de persoas delegadas que deben elixir en cada asemblea congresual para formar a delegación que corresponda.
- d) Censos correspondentes a cada asemblea, desagregados por xéneros.
- e) Os anexos organizativos específicos que regularán os seus procesos congresuais.
- f) Os documentos congresuais obxecto de debate e emenda.

3º Seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa

Celebrarán conferencia congresual todas as seccións sindicais constituídas que teñan secretaría xeral e/ou comisión executiva, con mandato vencido antes do **11-7-2016**.

Na conferencia congresual elixiranse os órganos de dirección propios e, se lles corresponde por afiliación, tamén serán elixidos os delegados e delegadas para asistir ao congreso ou asemblea congresual de rama de nivel II ou, de non o haber, ao de nivel III .

Se a sección sindical non tivese que elixir órgano de dirección, pero si delegados ou delegadas para asistir ao congreso, celebrará asemblea congresual para elixir os delegados e delegadas para asistir ao congreso de rama e comarca de nivel II ou, de non o haber, ao de nivel III .

Os órganos de dirección das seccións sindicais con asemblea propia, tras a aprobación do anexo de contido organizativo pola federación de nivel III do seu ámbito, comunicarán inmediatamente a data, lugar e orde do día das súas asembleas congresuais á secretaría de organización do seu respectivo sindicato comarcal, intercomarcal ou provincial ou, de ser o caso, á súa federación nacional.

No caso de que as estruturas organizativas de nivel I e II non executasen o disposto nestas normas no prazo establecido, a competencia para facelo correspóndelle á federación nacional.

4º Centros de traballo e/ou empresas ou sección sindical sen delegación propia

O resto da afiliación participará en asembleas congresuais agrupadas por zonas ou sectores segundo as normas das súas federacións estatais e serán convocadas polo sindicato comarcal, intercomarcal ou provincial ou, de ser o caso, pola súa federación nacional, aténdose en todo caso aos seguintes criterios:

- Os agrupamentos non poderán ser superiores a 600 persoas afiliadas.
- Os agrupamentos produciranse de maneira tal que os censos correspondentes a cada unha das asembleas poidan ser certificados pola UAR.
- As persoas desempregadas con carné de afiliación correspondente a unha das ramas constituídas participarán nas asembleas congresuais que celebren estas estruturas, conforme aos encadramentos organizativos en que participen habitualmente.
- As persoas pensionistas e xubiladas adscritas á súa federación de orixe participarán nas asembleas congresuais que celebren estas estruturas, conforme aos encadramentos organizativos en que participen habitualmente.
- O lugar de celebración das asembleas congresuais agrupadas, de ser distinto da «sede sindical», establecerase a distancia inferior a 25 quilómetros do domicilio ou centro de traballo (en función do criterio de agrupamento) das persoas afiliadas convocadas.
- Para que o valor do voto de cada persoa afiliada sexa igual, a distribución de delegados/as que se elixan no nivel II ou, se for o caso, no nivel III efectuarase en función da afiliación do nivel I e sen consideración ningunha ao tipo de cota; é dicir, unha persoa afiliada, un voto. Por tanto, todas as persoas afiliadas na data 31-10-2016 e ao corrente de pagamento das súas cotas han ser convocadas para participar nas conferencias/assembleas congresuais das seccións sindicais constituídas ou nas asembleas congresuais agrupadas.
- Os criterios contidos nos anexos de carácter organizativo que deben aprobar as federacións nacionais serán comúns para todas as conferencias e asembleas congresuais que convoquen ou manden convocar nun mesmo ámbito.
- A repartición de delegados para elixir o nivel II ou, se for o caso, no nivel III, que deberá estar contida no anexo de carácter organizativo, efectuarase conforme ao seguinte:
 - As federacións que no seu ámbito comarcal teñan menos de 600 afiliados/as poderán acordar a elección directa do nivel I ao nivel III.
 - A repartición de delegados/as para elixir, nun ámbito concreto, será proporcional á afiliación dese ámbito, de acordo coa táboa do anexo I que acompaña estas normas.

5º Obxecto das conferencias e asembleas congresuais

As conferencias e asembleas congresuais terán dúas fases ben diferenciadas:

- Unha que corresponderá á fase ou asemblea deliberativa, na que a afiliación poderá participar para debater e presentar as emendas que estime oportunas aos relatorios ou documentos congresuais obxecto do debate.
- Outra que corresponderá á fase electiva que se convocará na mesma xornada ou con posterioridade á celebración da fase deliberativa, na que toda a afiliación convocada que figure no censo definitivo poderá votar e elixir, de entre as candidaturas proclamadas, a delegacións que asistirán aos congresos superiores (ou, na súa falta, ás asembleas congresuais), conforme ao establecido nestas normas.

6º Convocatoria das conferencias congresuais e asembleas congresuais

1. Na convocatoria da asemblea congresual sinalarase o lugar, data e hora de celebración das fases deliberativa e electiva.
2. Fixarase un tempo mínimo de catro horas para a votación correspondente á fase electiva.
3. Para favorecer a participación, teranse en conta as quendas de traballo e os seus horarios.
4. Para o xeral coñecemento e facilitar a asistencia e participación da súa afiliación, as diferentes asembleas congresuais de seccións sindicais e as agrupadas deberán ser convocadas publicamente (no taboleiro de anuncios, páxina web ou outros medios habituais) polo órgano de dirección respectivo, cunha antelación mínima de 15 días á data fixada para a súa celebración.
5. Para estes efectos, remitirase a convocatoria mediante correo ou mensaxería electrónica ou, na súa falta, por correo postal ao domicilio do afiliado/a que figure no Sistema Informático Confederal, garantindo en todo caso que a comunicación chegue ao conxunto da afiliación do ámbito correspondente.

7º Órgano convocador das conferencias congresuais ou das asembleas congresuais das seccións sindicais constituídas

Para os procesos congresuais das seccións sindicais constituídas que teñan que elixir delegados e delegadas en conferencia congresual ou asemblea congresual propia, o órgano convocador estará sempre referido ao seu consello ou comisión executiva.

8º Órgano convocador das asembleas congresuais correspondentes aos agrupamentos de centros de traballo e/ou empresa ou sección sindical sen delegación propia

1. Para os procesos congresuais das asembleas agrupadas de centro de traballo e/ou empresa, sección sindical sen delegación propia, o órgano convocador será o consello ou, na súa falta, a comisión executiva do sindicato comarcal,

intercomarcal ou provincial. De non existir estrutura organizativa de nivel II, a convocatoria realizaraa o consello ou, na súa falta, a comisión executiva da federación nacional (nivel III).

2. Os órganos convocadores terán en conta as normas e anexos específicos de contido organizativo aprobados para a participación das persoas afiliadas e a elección das delegacións. Eses anexos específicos estarán de acordo cos aprobados polas organizacións correspondentes de rama de ámbito superior, que en ningún caso entrarán en contradición coas normas aprobadas polo Consello Confederal.

9º Censo electoral

1. **Fíxase o 31 de outubro de 2016** como data de peche para os efectos de elaborar o censo electoral provisional para poder participar nas asembleas ou conferencias congresuais de nivel I.
2. O dereito a votar e a elixir está reservado aos afiliados e afiliadas a CCOO no **31 de outubro de 2016** que se atopen ao corrente de pagamento efectivo da cota, entendendo como tal que, polo menos, se aboou unha cota, e que figuran por iso no censo proclamado en cada ámbito

10º Orde do día e regulamento das conferencias e das asembleas congresuais

O órgano convocador aprobará a orde do día, que incluírá o obxecto da reunión e o regulamento, que conterà a forma concreta de levar a cabo o debate dos textos propostos, ben polo pleno de asistentes ou por comisións de traballo, e o desenvolvemento das votacións para elixir os órganos de dirección —se procede— e as delegacións aos congresos (ou, na súa falta, ás asembleas) das organizacións superiores de rama (e se for o caso de territorio), ademais de cantas cuestións se consideren necesarias para o desenvolvemento da reunión.

11º Presidencia das conferencias congresuais

Na sesión de apertura das conferencias congresuais que deban elixir novos órganos de dirección, un membro da dirección saínte fará a proposta para formar a presidencia da conferencia congresual. O número de persoas integrante da mesa será impar e gardará a porcentaxe de mulleres proporcional á afiliación convocada. Unha vez aprobada a proposta, a presidencia sobe á mesa e elixe de entre os seus membros o presidente ou presidenta da conferencia congresual. A partir deste momento, os membros dos órganos de dirección cesarán nos seus cargos.

12º Presidencia das asembleas congresuais

A presidencia e as súas funcións serán asumidas polo órgano de dirección convocador.

13º Funcións da presidencia

A presidencia encargarase de dirixir a conferencia ou asemblea congresual, de moderar os debates, de establecer os tempos para as distintas intervencións, de ler e

someter a votación as propostas. A persoa elixida presidente/a actuará como portavoz. Así mesmo, informará do comezo e duración da fase electiva con indicación expresa do sitio onde estea situada a mesa electoral e de canto sexa necesario para o desenvolvemento do debate e das votacións.

14º Desenvolvemento das conferencias e asembleas congressuais

No transcurso das conferencias e das asembleas congressuais, votaranse os textos dos temas propostos e as modificacións aos devanditos textos.

As conclusións, modificacións e resolucións aprobaranse por maioría simple. Enviaranse ás organizacións inmediatamente superiores todas aquelas propostas que obteñan a maioría, así como as minoritarias que obteñan polo menos o 10 por 100 dos votos das persoas afiliadas acreditadas.

Durante a asemblea congressual elixiranse as delegacións aos congresos ou asembleas congressuais superiores de rama; poderase compaxinar a elección coa votación dos textos, segundo se aprobe nas normas da convocatoria, respectando sempre o tempo mínimo de catro horas para a fase electiva ou de votación. Se procede conferencia congressual, elixiranse as citadas delegacións e os órganos de dirección da sección sindical.

15º Colexios electorais

O órgano convocador constituirase en colexio electoral para os efectos de seguimento do proceso electivo do seu ámbito, cuxas competencias serán, ademais das recollidas nos seguintes artigos destas normas, as de recibir e validar as candidaturas que se presenten.

16º Mesas electorais

Co fin de atender e facilitar a tarefa do colexio electoral, no desenvolvemento da fase electiva constituiranse mesas electorais en todas as conferencias e asembleas congressuais que deban elixir delegados e delegadas. Tanto nas asembleas das seccións sindicais como nas agrupadas, as mesas electorais constituiranse cunha antelación mínima de trinta minutos á hora sinalada para o inicio da conferencia ou asemblea congressual, e estará formada inicialmente por tres persoas afiliadas nomeadas polo colexio electoral, ningunha das cales debe ter a condición candidata nese ámbito de elección.

17º Funcións e competencias das mesas electorais

As funcións e competencias das mesas electorais serán as seguintes:

1. Terán a custodia dos censos definitivos durante a asemblea. Os censos seranlle entregados polo colexio electoral. Os censos serán devoltos ao colexio electoral ao finalizar as votacións.
2. Terán a custodia das urnas para a votación. As urnas serán facilitadas polo órgano convocador ás mesas electorais no momento en que se constitúan.

3. Controlarán todo o proceso da votación desde o momento da constitución da mesa.
4. Aclararán calquera dúbida que puidese presentarse ante ela respecto do proceso da votación, de acordo coas normas aprobadas.
5. Notificarán a recepción das impugnacións realizadas durante a votación e indicarán a quen as presente a necesidade de formalizalas, dentro do día seguinte á votación, ante a CIN de nivel IV que corresponda.
6. Redactarán a acta de constitución da mesa electoral e a acta final de escrutinio, apuntando o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas delegadas para participar nas asembleas congresuais das organizacións superiores de rama (e se for o caso, de territorio) e as incidencias xurdidas na sesión.
Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada, os votos declarados nulos, os votos aos que se lles concedeu validez pero fosen impugnados e canta documentación xerese o proceso de votación. As actas deben ser asinadas en todas as súas follas pola mesa electoral.
7. Esta acta entregarase decontado ao órgano convocador para a súa remisión ás secretarías de organización de ámbito superior constituídas de rama e territorio.

18º Presentación de candidaturas

Nas conferencias ou asembleas congresuais de nivel I, os afiliados e afiliadas poderán presentar candidaturas para a elección das correspondentes delegacións aos congresos ou asembleas congresuais de nivel II ou, de ser o caso, de nivel III.

As candidaturas cumprirán obrigatoriamente, no momento da presentación, os requisitos seguintes:

1. Os candidatos e candidatas deben ser persoas afiliadas ao corrente de pagamento e con seis meses ou máis de antigüidade no momento da convocatoria da súa conferencia ou asemblea congresual.
2. As candidaturas deben incluír tantas persoas candidatas como delegados e delegadas se vaian elixir máis un 20% de suplentes.
3. As persoas candidatas deben aceptar, coa súa sinatura orixinal, a súa inclusión na candidatura e acompañar fotocopia do seu DNI, TIE, carné de conducir ou pasaporte.
4. As candidaturas gardarán proporcionalidade coa afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.
5. Procurarase unha representación adecuada das delegacións, atendendo ao tamaño dos centros de traballo, en especial os das pemes, as persoas sen emprego, inmigrantes e categorías como técnicos e cadros. Da mesma maneira e para potenciar a participación da afiliación máis nova, todas as asembleas congresuais e o congreso extraordinario procurarán que as candidaturas presentadas para elixir as delegacións conteñan unha representación adecuada deste colectivo.

6. As candidaturas, debidamente cubertas, presentaraas o/a representante en modelo normalizado (anexo VI) perante o colexio electoral (secretaría de organización ou persoa delegada) do órgano convocador, cinco días antes da data sinalada para a votación.
7. Ao día seguinte da presentación de candidaturas e logo da comprobación de que reúne os requisitos, o colexio electoral fará a proclamación provisional e notificará a resolución a quen presenten as candidaturas, tanto das proclamadas como das rexeitadas, con indicación expresa do motivo da non proclamación, e habilitará, en todo caso, un prazo para emendar.
8. Ao día seguinte poderase interpor recurso ante a CIN nivel IV, a cal resolverá e notificará ao día seguinte e, se procede, proclamará as candidaturas.
9. A proclamación das candidaturas entenderase definitiva se, finalizado o prazo habilitado para presentar reclamacións, non se formaliza ningunha.
10. Cada candidatura poderá designar un interventor/a por mesa electoral para exercer as súas funcións ante estas.

19º Actas

Das conferencias ou asembleas congresuais redactarase a acta xeral que conterá, ademais dos datos identificadores das persoas que interviñeron nelas, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, a desagregación destas por xénero, e, se for o caso, o nome do presidente ou presidenta da delegación e as reclamacións ou incidencias relevantes que se producen. As actas deben estar asinadas en todas as follas.

Unha copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización das organizacións superiores de rama e territorio.

CAPÍTULO III

DAS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO CONGRESUAL NOS NIVEIS II e III NO MARCO DO 11º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

1º Convocatoria específica e funcionamento dos congresos de nivel II e III

1. Os congresos de nivel II serán convocados polo consello ou, se non, pola comisión executiva do sindicato provincial, comarcal ou intercomarcal correspondente, de acordo co que dispoñan os estatutos e as normas congressuais do seu ámbito federativo e territorial. Para o suposto de que non exista estrutura organizativa no nivel II, celebrarase asemblea congresual convocada pola federación nacional, agás que, polo baixo número de afiliación, se acorde a elección directa ao nivel III.
2. Os congresos de ámbito territorial de nivel III serán convocados polo consello ou, na súa falta, pola comisión executiva da unión comarcal ou intercomarcal, de acordo co que dispoñan os estatutos e normas do seu ámbito.
3. Os congresos de rama de nivel III serán convocados polo consello ou, na súa falta, pola comisión executiva da federación nacional, de acordo co que dispoñan os estatutos do seu ámbito.

2º Composición dos congresos

O número de persoas delegadas que participarán nos congresos de nivel III non poderá ser superior ao asignado pola táboa do anexo I destas normas, e establecerase de acordo coa media de cotizacións que recibiu a organización que realiza o congreso, correspondentes ao período que media entre o 1 de xaneiro do 2012 e o 31 de decembro de 2015, que será pechado cos datos certificados pola UAR o 1-7-2016.

3º Orde do día dos congresos

Na orde do día dos congresos fixarase de forma clara o seu obxectivo, que será o seguinte:

Os congresos de nivel II: elixir os órganos dos sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais e as delegacións que asistirán aos congresos de nivel III de rama e territorio. Así mesmo, será función do congreso o debate e emenda dos relatorios e estatutos confederais, do Sindicato Nacional e da rama (cando non exista estrutura organizativa constituída neste nivel II, celebrarase asemblea congresual para a elección de delegación e debate dos documentos congressuais).

Os congresos de nivel III: elixir os órganos das unións comarcais ou intercomarcais e das federacións nacionais e as delegacións que asistirán aos congresos de nivel IV de rama e territorio. Así mesmo, someteranse a debate e emenda os relatorios e estatutos confederais, territoriais e de rama.

4º Regulamento do congreso

1. O consello ou, na súa falta, a comisión executiva do órgano convocador aprobará un regulamento específico para o desenvolvemento do congreso.
2. Este regulamento conterá, entre outras cuestións, a forma concreta de debater os textos dos temas propostos. Unha vez debatidos (ben por comisións de traballo ou en sesión plenaria), someteranse á votación do pleno do congreso. Porase a disposición da organización convocadora a posibilidade de realizar a votación electrónica mediante aplicacións móbiles ou outros dispositivos electrónicos que garantan o proceso.

A presidencia exporá claramente a opción ou opcións sobre as que haberán de pronunciarse os delegados e delegadas, pedirá sucesivamente os votos (a man alzada) a favor, en contra e abstencións.

Posteriormente, e sen paralizar a marcha do congreso, iranse lendo os resultados das devanditas votacións.

3. No pleno do congreso, os textos dos temas propostos e as propostas de eventuais modificacións votaranse globalmente con aquelas da mesma natureza, facéndose a votación por separado das de natureza distinta. As resolucións dos congresos votaranse globalmente ou por separado e a aprobación será por maioría simple.
4. As conclusións, modificacións e resolucións aprobaranse por maioría simple. Enviaranse ás organizacións inmediatamente superiores todas aquelas propostas que obteñan maioría, así como as minoritarias que obteñan polo menos o 10 por 100 dos votos de persoas afiliadas acreditadas no nivel II, e o 20 por 100 nos niveis III e IV.
5. As federacións nacionais e as unións comarcais ou intercomarcais enviarán á Secretaría de Organización do S. N. de CCOO de Galicia, nun prazo máximo de dous días desde a súa celebración, as actas dos seus respectivos congresos, que deberán conter as emendas que puidese haber delas respecto dos documentos do Congreso Federal do seu ámbito, do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia e do 11º Congreso Confederal, así como os nomes das persoas delegadas elixidas ao 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia, coa desagregación numérica por xénero, e a asignación destas ás distintas comisións. Figurará tamén o nome do presidente ou presidenta da delegación. Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada.

CAPÍTULO IV

SOBRE O 11º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Artigo 1. Data de celebración e distribución de delegados e delegadas

- O 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia realizarase en Santiago os días 18 e 19 de maio do 2017.
- O número de delegados e delegadas será de 250.
- As 14 persoas que integran a Comisión Executiva Nacional serán natas ao congreso.
- A repartir quedarán 236 delegados e delegadas, que se distribuirán metade por metade entre as organizacións de rama e as organizacións de territorio (118).
- A Federación de Pensionistas e Xubilados estará representada por oito persoas delegadas (último parágrafo, apartado 6 do artigo 17 dos Estatutos Confederais: «A representación da Federación de Pensionistas e Xubilados fixarase na mesma porcentaxe que actualmente ten para o 10º Congreso, que é do 6,59%»).
- Os 238 delegados e delegadas serán repartidos proporcionalmente tomando como base os datos das medias de cotizacións do período que se estende desde 1 de xaneiro de 2012 a 31 de decembro de 2015, que certifique a UAR o 1 de xullo
- De acordo con todo o anterior, a distribución de delegados e delegadas ao 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia é a que figura no seguinte cadro:

XI Congreso Sindicato Nacional					
Distribución delegados e delegadas				Porcentaxe xénero	
Organización	Media cotizacións 2012-2015	%	Delegados e delegadas	Mulleres	Homes
A Coruña	9.031	18,94	22	45,56	54,44
Ferrol	7.614	15,97	19	29,33	70,67
Santiago-Barbanza	5.392	11,31	13	48,81	51,19
Lugo	3.698	7,76	9	36,31	63,69
A Mariña	1.559	3,27	4	36,76	63,24
Ourense	4.689	9,84	12	45,00	55,00
Pontevedra	2.891	6,06	7	42,64	57,36
Arousa	1.923	4,03	5	42,69	57,31
Vigo	10.882	22,82	27	36,92	63,08
Total	47.678	100,00	118	40,69	59,31
Construción e Servizos	4.941	11,25	12	33,15	66,85
FSC	10.190	23,20	26	39,84	60,16
Servizos	7.356	16,75	18	54,63	45,37
Ensino	4.226	9,62	11	71,29	28,71
Industria	13.873	31,58	35	19,17	80,83
PPXX (*)	3.754	6,59	8	17,36	82,64
Sanidade	3.338	7,60	8	79,92	20,08
Total	43.924	100,00	118	40,69	59,31
Nº delegados e delegadas a distribuír				236	
Delegados e delegadas natos (CEN)				14	
Total				250	

As organizacións disporán de un prazo de cinco días para impugnar a distribución de delegados e delegadas ante a CIN do SN

Artigo 2. As delegacións ao 11.º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia serán:

Federacións Nacionais:

Construción e Servizos, Servizos á Cidadanía, Servizos, Industria, Ensino, Sanidade e Pensionistas e Xubilados.

Unións comarcais ou intercomarcais:

A Coruña, Ferrol, Santiago-Barbanza, Lugo, A Mariña, Ourense, Pontevedra, Arousa e Vigo.

Artigo 3. Regulamento do congreso

1. O Consello Nacional ou, na súa falta, a Comisión Executiva Nacional aprobará un regulamento específico para o desenvolvemento do congreso.
2. Este regulamento conterá, entre outras cuestións, a forma concreta de debater os textos dos temas propostos. Unha vez debatidos, someteranse a votación no pleno do congreso. Porase a disposición da organización convocadora a posibilidade de realizar a votación electrónica mediante aplicacións móbiles ou outros dispositivos electrónicos que garantan o proceso.

A presidencia exporá claramente a opción ou opcións sobre as que se haberán de pronunciar os delegados e delegadas, pedirá sucesivamente os votos (a man alzada) a favor, en contra e abstencións.

Posteriormente, e sen paralizar a marcha do congreso, iranse lendo os resultados das devanditas votacións.

3. No pleno do congreso, os textos dos temas propostos e as propostas de eventuais modificacións serán votadas globalmente con aquelas da mesma natureza, facéndose a votación por separado das de natureza distinta. As resolucións dos congresos serán votadas globalmente ou por separado e a aprobación será por maioría simple.
4. Cada delegación elixirá un presidente ou presidenta que actuará como portavoz desta cando emita a súa opinión.
5. A organización enviará á Secretaría de Organización Confederal, nun prazo máximo de dous días desde a súa celebración, as actas do seu congreso, que deberán conter as emendas que puidese haber delas respecto dos documentos do 11º Congreso Confederal, así como os nomes das persoas delegadas elixidas ao congreso, coa desagregación numérica por xénero, e a asignación destas ás distintas comisións. Figurará tamén o nome do presidente ou presidenta da delegación. Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada.

Artigo 4. Presidencia do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia

A presidencia do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia estará formada por:

- Unha persoa de cada unha das catro federacións nacionais con maior número de cotizacións.
- Unha persoa de cada unha das catro unións comarcais ou intercomarcais de maior número de cotizacións.
- Tres persoas da Comisión Executiva saínte.
- Ata un máximo de tres persoas elixidas pola Comisión Executiva saínte, debido á conveniencia de que formen parte da presidencia organizacións de reducida cotización ou en representación de sectores específicos de traballadores ou traballadoras.
- As persoas procedentes dos territorios e ramas serán elixidas previamente pola respectiva delegación.
- De entre os seus membros, nomearase o presidente ou presidenta do Congreso, un secretario ou secretaria de actas e un ou unha vogal que redactarán acta dos acordos.
- A presidencia do Congreso é o órgano que preside e dirixe as sesións e establece os tempos para as distintas intervencións, sendo a dirección sindical ata que o congreso elixa os novos órganos de dirección.
- Decide, por maioría, todas as cuestións de método, de acordo cos Estatutos, as Normas e o Regulamento do Congreso.
- O presidente ou presidenta dirixe os debates mentres está presente; substituirá a súa ausencia calquera outro membro que a Mesa designe.
- O presidente ou presidenta pode suspender momentaneamente as sesións do Congreso para que a Mesa delibere.

Procurarase que a conformación final da mesa reflicta a paridade de xénero.

Artigo 5. Comisións do Congreso

As comisións do congreso estarán formadas por:

Comisión técnica do congreso

1. Nomeada pola Comisión Executiva do S. N. de CCOO de Galicia, que contará coa asistencia necesaria da Secretaría de Organización, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso.
2. A Comisión técnica constituirase no tempo e a forma que correspondan de acordo co disposto no regulamento que rexa o congreso.
3. A Comisión técnica terá as funcións seguintes:
 - A organización interna do congreso.

- As relacións coa prensa.
 - As relacións coas delegacións estranxeiras, nacionais e invitadas ao congreso.
 - A coordinación das comisións do congreso coa presidencia.
 - A preparación, de acordo coa presidencia, da documentación necesaria para desenvolver a orde do día do congreso.
 - A fixación, de acordo coa presidencia, das quendas de palabras das delegacións estranxeiras e convidados.
 - A verificación da identidade das persoas delegadas convocadas e a entrega da correspondente acreditación.
 - A verificación de que as candidaturas presentadas polos delegados e delegadas cumpren os requisitos establecidos nos Estatutos e nestas normas.
 - Para o suposto de que algunha das candidaturas presentadas contivese erros susceptibles de ser emendados, é dicir, falta de requisitos establecidos expresamente no artigo 11 dos Estatutos, a comisión comunicará á presidencia do congreso os erros detectados para que habilite un prazo —que fixará con criterios de razoabilidade— a quen presente a candidatura para a súa emenda.
 - A provisión, de acordo coa presidencia, dos medios para a confección das actas das sesións do congreso.
 - A comunicación á presidencia dos resultados das votacións.
 - E cantas funcións lle encargue a presidencia do congreso, da que dependerá ata a elección de nova dirección.
4. A Secretaría técnica do congreso contará coa correspondente documentación (relación de persoas delegadas convocadas, substitucións, credenciais, etc.), que lle será facilitada pola Secretaría de organización.
5. As incidencias que xurdan na acreditación de delegados e delegadas comunicarallas a comisión técnica á mesa presidencial para a súa resolución.
- A resolución da mesa poderá ser impugnada ante a CIN que corresponda dentro do día seguinte.
6. Unha vez finalizado o prazo habilitado regulamentariamente para formalizar as acreditacións, a Comisión técnica redactará a acta das súas actuacións, facendo constar o número de persoas convocadas e as efectivamente acreditadas, desagregando estas por xénero.
- A acta deberá ser asinada en todas as súas follas polas persoas integrantes da Comisión técnica e será entregada á mesa presidencial xunto coa correspondente documentación.

Comisión de Resolucións

- Unha persoa das tres federacións nacionais de maior número de cotizacións.

- Unha persoa das tres unións comarcais ou intercomarcais de maior número de cotizacións.
- Tres persoas da Comisión Executiva saínte.

Comisión electoral (ou de candidaturas)

- Unha persoa por cada unha das delegacións ao congreso.
- Catro persoas da Comisión Executiva saínte.

Garantírase a presenza de homes e mulleres en todas as comisións.

Artigo 6. Desenvolvemento do Congreso

Os debates do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia celebraranse en sesión plenaria, exceptuadas as comisións reflectidas no número anterior cuxas conclusións se trasladarán ao plenario do modo que se determine no regulamento. Para facilitar os debates en plenario seguiranse as seguintes normas:

- a) Antes do inicio do congreso, celebraranse reunións dos presidentes e presidentas ou portavoces de cada delegación, así como dos portavoces das posicións minoritarias con máis do 20 por 100 dos votos de cada delegación, xunto cos membros da Comisión de relatorio elixida.
- b) Na citada reunión acordaranse as emendas ou modificacións aprobadas aos textos propostos nos congresos previos que se asuman, así como os textos transaccionais.
- c) As restantes emendas ou modificacións non asumidas ou froito de transaccións quedarán pendentes para ser debatidas nas sesións plenarias do Congreso. Iso permitirá que, de acordo coa presidencia do Congreso, se distribúan tempos de defensa de emendas e texto proposto máis amplos, así como a existencia de varias quendas a favor e en contra, de xeito que o plenario do Congreso poida coñecer do debate e emendas máis substantivas expostas sobre os textos propostos.
- d) No caso de que algunha delegación se mostre maioritariamente desconforme con algunha emenda asumida ou que fose obxecto de transacción na reunión previa de portavoces coa comisión de relatorio, poderán requirir da mesa presidencial tempo para defender o texto orixinal fronte á emenda ou texto obxecto da transacción.

Todos os acordos do congreso se adoptarán por maioría simple, salvo os que teñan por obxecto a modificación dos estatutos do S. N. de CCOO de Galicia nos apartados de definición de principios e definición do S. N. de CCOO de Galicia, que requirirán maioría de dous terzos.

Non poderán ser candidatas á secretaría xeral do S. N. de CCOO de Galicia as persoas afiliadas que xa desempeñasen o cargo durante tres mandatos.

CAPÍTULO V

DAS NORMAS SOBRE OS ACORDOS DOS CONGRESOS PREVIOS AO 11º CONGRESO DO S. N. DE CCOO DE GALICIA

1. Todos os acordos, resolucións e emendas dos congresos ou asembleas congresuais das federacións nacionais, unións comarcais ou intercomarcais do S. N. de CCOO de Galicia que poidan afectar ao conxunto do Sindicato Nacional de CCOO ou aos Estatutos terán carácter de propostas para a súa discusión e, se for o caso, aprobación no 11º Congreso do Sindicato Nacional.

CAPÍTULO VI

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓNS NO MARCO DO 11º CONGRESO DO S. N. DE CCOO DE GALICIA

NIVEL I / NIVEL II / NIVEL III

1. Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento do proceso congresual nestes niveis organizativos terán que formalizarse por escrito ante a Comisión de Interpretación de Normas do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (NIVEL IV), dentro o prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclama, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
2. A CIN do S. N. disporá dun prazo de dous días —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
3. A resolución da Comisión de Normas do Sindicato Nacional poderá ser recorrida ante a Comisión Confederal de Interpretación de Normas (CIN Confederal), no prazo de dous días contados a partir da notificación da resolución, salvo que nas Normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
4. A CIN Confederal disporá de tres días contados a partir da recepción do recurso para resolver e notificar, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
5. As resolucións da CIN Confederal nos recursos contra as resolucións das Comisións do nivel IV son definitivas e executivas.

NIVEL IV

- 1) Todas as reclamacións sobre o proceso congresual correspondente a este ámbito deberán formalizarse ante a Comisión Confederal de Interpretación de Normas, no

prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto do proceso electoral contra o que se reclama.

- 2) A CIN Confederal disporá dun prazo de tres días —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar.
- 3) As resolucións da Comisión Confederal de Interpretación de Normas das reclamacións sobre o proceso congresual do nivel IV son definitivas e executivas.

CRITERIOS COMÚNS PARA PROCEDER ÁS RECLAMACIÓNS SOBRE OS ACTOS DO 11º CONGRESO DO S. N. DE CCOO DE GALICIA

- a) Para os efectos de computar os prazos, todos os días se consideran hábiles excepto os domingos e festivos (entendendo por estes os días festivos do estado, comunidade autónoma e locais do ámbito xeográfico do reclamante).
- b) Nas reclamacións apuntaranse inescusablemente os datos identificadores das persoas que reclaman (nome e apelidos, número de DNI, enderezo, así como o número de teléfono móbil e dirección do correo electrónico, para a práctica de toda clase de comunicacións polos devanditos medios). Dado o carácter urxente e extraordinario do procedemento de reclamacións congresuais, o reclamante deberá asegurarse de que ten dispoñibilidade para recibir as correspondentes notificacións dentro dos prazos que se sinalan nestas normas.

Estas reclamacións serán presentadas por escrito asinado polo reclamante no domicilio da comisión competente por calquera medio (correo electrónico, persoalmente, fax ou outros) que permita que sexan rexistradas dentro do prazo habilitado para a súa presentación. Non se admitirán reclamacións que non sexan recibidas na comisión competente dentro do prazo sinalado.

As reclamacións ante a CIN do Sindicato Nacional enviaranse a:

Comisión de Interpretación de Normas do S. N. de CCOO de Galicia
Rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8. 15701 - Santiago
(Secretaría de Organización)
15707 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cinsn@galicia.ccoo.es
Teléfono: 981 551 800
Fax: 981 551 861

As reclamacións ante a CIN Confederal enviaranse a:

Comisión de Interpretación de Normas da C. S. de CCOO
C/ Fernández de la Hoz, 12, 3ª planta. Secretaría de Organización y
Comunicación
28012 - Madrid
Correo electrónico: cinrr@ccoo.es
Fax: 917 028 730

- c) As reclamacións ante as CIN das organizacións confederadas dirixiranse á dirección que se indique nas súas normas congresuais específicas.
- d) No escrito de reclamación, ao que se acompañarán os documentos que conveñan ao dereito de quen reclama, reflectirase a Comisión á que se dirixe, enumeraranse de forma clara e concreta os feitos sobre os que se reclama e todo aquilo que, segundo as normas, resulte imprescindible para resolver as cuestións expostas. Así mesmo, expresarase claramente a petición concreta da reclamación sobre a que a CIN debe resolver.

En ningún caso poderán alegarse nos recursos que se presenten ante a CIN Confederal de segunda instancia feitos distintos dos alegados na primeira nin modificar a petición inicial.

- e) Dado o carácter extraordinario e urxente do procedemento de reclamacións, só serán atendidas as reclamacións ou recursos que se presenten ante a comisión competente segundo as Normas congresuais, sendo rexeitadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran este requisito esencial.

Así mesmo, serán desestimadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran os requisitos que se apuntan nestas normas.

- f) A todas as reclamacións ou recursos asignaráselles un número de referencia e quedarán debidamente rexistradas na comisión correspondente. A comisión competente xustificará a recepción da reclamación ou recurso.
- g) Nas resolucións das CIN indicarse se cabe recurso, ante quen debe interporse e o prazo para facelo.
- h) Todas as comisións teñen a ineludible obriga de resolver as súas reclamacións dentro dos prazos fixados, utilizando criterios homoxéneos e fundados nos Estatutos, normas congresuais e regulamentos sindicais e nas resolucións da Comisión de Garantías Confederal, evitando en todo momento a arbitrariedade nas súas decisións e garantindo que o reclamante non quede en situación de indefensión.
- i) As resolucións da CIN Confederal son definitivas e executivas e contra elas non caberá recurso ante ningún órgano de dirección sindical.
- j) Sen prexuízo do anterior, e para o exclusivo suposto de que o reclamante entendese que se vulneraron os principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos, poderá recorrer a resolución declarada definitiva e executiva ante a Comisión de Garantías polo procedemento extraordinario de urxencia (art. 34.4 dos Estatutos Confederais). A interposición destes recursos non interromperá o desenvolvemento do proceso congresual.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

O Consello Nacional aprobará, ao tempo que o documento do Relatorio nacional, o método de presentación e discusión que se empregará coas emendas recibidas, para o seu posterior debate no marco do Congreso confederal.

Segunda

As organizacións do Sindicato Nacional poderán fixar, nas súas respectivas normas congressuais, unha escala —acordada coas organizacións correspondentes— na que se estableza o número máximo de membros que deben elixir os seus órganos de dirección, tendo en conta a súa afiliación, seguindo os criterios establecidos no anterior proceso congressual, para reducir a dimensión dos órganos de dirección.

Terceira

Para os efectos da aplicación do artigo 22 dos Estatutos confederais, non se considerará como dimisión que un ou varios membros do órgano colexiado teñan que abandonalo por ser elixidos para desempeñar cargos noutro órgano de dirección superior en calquera das estruturas de rama, territorio ou confederal, se esta se produce dentro dos prazos establecidos nas normas congressuais.

Cuarta

As organizacións superiores de rama e os órganos de dirección do S. N. de CCOO de Galicia teñen o dereito e a obriga de colaborar e seguir os procesos congressuais de toda estrutura organizativa das súas organizacións.

Quinta

O incumprimento grave do establecido nestas normas facultará a estrutura organizativa superior para asumir a dirección do concreto proceso congressual.

Os representantes do órgano superior que asistan ao congreso, ante incidencias graves, poderán acordar a súa suspensión. Neste suposto, o/a representante comunicará de xeito urxente a decisión ao órgano de dirección superior, o cal, en reunión convocada no prazo de tres días, confirmará ou revogará o acordo. Todo iso, sen prexuízo das competencias da CIN.

Sexta

Para coñecemento xeral da afiliación, na páxina web do S. N. de CCOO de Galicia (www.galicia.ccoo.es), informarase do desenvolvemento do proceso congressual, independentemente das comunicacións colectivas e individuais que correspondan.

Sétima

No non previsto nestas normas, serán de aplicación os Estatutos confederais.

Oitava

As normas congresuais das organizacións confederadas poderán ser impugnadas ante a CIN confederal. A impugnación presentarase no improrrogable prazo de cinco días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da respectiva organización confederada.

Novena

Unha vez aprobadas polo Consello Nacional, estas Normas congresuais poderán ser obxecto de impugnación polo procedemento extraordinario de urxencia ante a Comisión de Garantías Confederal, polo único e exclusivo motivo da vulneración dos principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos. A impugnación deberá presentarse no improrrogable prazo de cinco días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do S. N. de CCOO de Galicia (www.galicia.ccoo.es).

ANEXO I

NÚMERO DE DELEGADOS E DELEGADAS QUE COMPORÁN AS DIFERENTES ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL II

Nº de delegados e delegadas que comporán as diferentes asembleas congressuais e congresos de nivel II		
TRAMOS DE AFILIACIÓN	Nº DELEGADOS E DELEGADAS	
	MÍNIMO	MÁXIMO
Ata 500	11	11
501-750	11	17
751-1.000	17	22
1.001-1.500	22	33
1.501-2.000	33	44
2.001-3.000	44	66
3.001-4.000	66	88
4.001-5.000	88	110
5.001-6.000	110	132
6.001-8.000	132	176
8.001-10.000	176	220
10.000-12.500	220	275
12.500-15.000	275	330

Nº de delegados e delegadas que comporán os diferentes congreso de nivel III e IV*		
TRAMOS DE COTIZACIÓN	Nº DELEGADOS E DELEGADAS	
	MÍNIMO	MÁXIMO
Ata 2.000	25	50
2.001-5.000	40	75
5.001-15.000	50	125
15.001-25.000	75	150
25.001-50.000	100	300
50.001-100.000	150	350
100.001-150.000	200	500
Mais de 150.000	250	600

** A composición dos congresos deberá respectar esta táboa, e só con carácter extraordinario e motivado pode ser modificada tanto á alza como á baixa nunha porcentaxe máxima do 10%.*

ANEXO II

PROCEDIMIENTO EXTRAORDINARIO DE URXENCIA DA COMISIÓN DE GARANTÍAS CONFEDERAL PARA A RESOLUCIÓN DOS RECURSOS AOS PROCESOS CONGRESUAIS

Este anexo desenvolve o artigo 34.4 dos Estatutos confederais que di que «para o caso específico dos procesos congressuais establecerase un procedemento extraordinario de urxencia co obxecto de reducir ao máximo posible os prazos de resolución».

Artigo 1. Ámbito

Este procedemento será de aplicación aos recursos presentados contra resolucións definitivas dos órganos correspondentes, en materia congressual, que aleguen vulneración da democracia interna.

Quedan excluídos os recursos sobre materia organizativa.

Artigo 2. A Comisión Permanente

Para facilitar a tramitación e resolución con carácter de urxencia de recursos en materia de procesos congressuais, a Comisión de Garantías Confederal (CGC) nomeará no seu seo unha Comisión Permanente de Recursos Congressuais (CPRC) formada por tres dos seus membros: presidente/a, secretario/a e un/unha dos vogais.

A CPRC terá as seguintes funcións e competencias:

- 1.- Recibir e archivar as resolucións e expedientes remitidos polas distintas instancias.
- 2.- Recibir e tramitar os recursos que se presenten.
- 3.- Non admitir a trámite os recursos que non cumpran os requisitos de lexitimación, tempo e forma, así como aqueles de contido estritamente organizativo que fosen resoltos con carácter definitivo pola instancia organizativa correspondente. O prazo para decidir a admisión ou non do recurso será de tres días hábiles desde que se recibe. A decisión da CPRC non é recorrible e esgota a vía interna. A dita decisión será ratificada na primeira reunión en pleno da CGC.
- 4.- Acumular, para resolver de forma conxunta, aqueles recursos de contido similar.
- 5.- Redactar a proposta de resolución que se someterá á aprobación da CGC.
- 6.- A CPRC disporá dun prazo máximo de seis días hábiles desde que recibe o recurso para pór á disposición da CGC a proposta de resolución.

Artigo 3. Presentación de recursos

Para facilitar a rapidez na tramitación, admitiranse e potenciaranse as comunicacións a través do fax e do correo electrónico, sen prexuízo de que, nese momento ou a posteriori, se verifique a autenticidade das comunicacións.

Co mesmo fin, nos recursos sinalaranse as direccións de correo electrónico, fax, teléfono, etc. que permitan a comunicación nos prazos establecidos.

As resolucións definitivas da Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Reclamacións, e as resolucións das Comisións de Garantías das organizacións confederadas, sobre recursos de contido congresual referidas a reclamacións aos procesos congresuais, á vez que se comunican ao reclamante, serán remitidas, xunto coa totalidade do expediente, á CPRC.

Estas resolucións serán recorribles, nas condicións establecidas no artigo 1, no prazo de dous días desde a súa notificación, mediante o envío do correspondente recurso, ante a CGC, a cal dará a coñecer o seu enderezo postal, o correo electrónico e os números de teléfono e fax.

Os recursos identificarán inequivocamente a resolución que se recorre, os feitos ocorridos, os principios de democracia interna vulnerados, os motivos e fundamentos do recurso e a solicitude concreta que se realiza, e deberán cumprir ademais os requisitos establecidos no artigo 5 do Regulamento da CGC, e non se admitirá posibilidade de emenda.

Artigo 4. Tramitación

Unha vez recibido o recurso, a CPRC dispón dun prazo de tres días para decidir a súa admisión a trámite, así como a súa acumulación con outros da mesma natureza e a práctica ou non das probas documentais ou testemuñais solicitadas.

A CPRC poderá solicitar, tanto do recorrente como dos órganos sindicais e partes concernidas, os documentos ou testemuños que requira para unha mellor comprensión dos feitos. Todas as partes actuarán coa dilixencia necesaria para dar cumprimento a estes requirimentos nos brevísimos prazos establecidos.

A CPRC redactará a proposta de resolución que corresponda e poraa á disposición da CGC no prazo máximo de seis días hábiles.

A CGC reunirse unha vez por semana e resolverá sobre todas as propostas de resolución presentadas pola CPRC.

As resolucións redactaranse e comunicaranse no prazo de dous días. Os eventuais votos particulares redactaranse no prazo dun día, para ser incorporados á resolución.

A resolución comunicarase á persoa ou persoas interesadas polos medios que elas indicasen no recurso.

En casos de extrema urxencia, poderá recorrerse ao procedemento sinalado no artigo 11.3.b do Regulamento da CGC.

As resolucións da CGC esgotan a vía interna e non admiten recurso sindical ningún.

Só para os efectos deste procedemento de urxencia, considéranse hábiles todos os días, agás domingos e festivos.

Para todo o non previsto neste anexo, estarase ao disposto no vixente Regulamento da CGC.

ANEXO III
PROPOSTA ORGANIZATIVA DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN
DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Nº de persoas cotizantes das organizacións	Nº membros Consello	Nº máximo de membros comisións executivas, incluída a Secretaría xeral
Ata 1000	25	7
De 1001 a 3000	30	9
De 3001 a 6000	35	11
De 6001 a 9000	45	13
Máis de 9000	60	15

En todos os casos, as escalas referidas no cadro anterior poderán incrementarse nun máximo do 10 por 100 por causas excepcionais debidamente xustificadas. No caso das federacións nacionais, se este cadro entrase en contradición co establecido nas normas aprobadas polas súa respectivas federacións estatais, estarase ao que estas últimas establezan.

**ANEXO IV
CALENDARIO CONGRESUAL**

ANEXO V

MODELO DE ACTAS

ACTA DA ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:

1. Centro de traballo 2. Empresa 3. Rama 4. Localidade Comarca 5. Data celebración 6. N.º afiliados/as a CCOO 6.1. Homes 6.2. Mulleres 7. N.º delegados/as asistentes 7.1. Homes 7.2. Mulleres 8. Órgano superior asistente

9. Orde do día da Asemblea:

1. _____
2. _____
3. _____

10. Composición da Mesa Presidencial da Asemblea:

Presidente/a _____

Secretario/a _____

Vogal _____

11. Nomes do novo órgano de dirección (de se elixir) coa expresión da votación:

Secretario/a xeral

Comisión Executiva:

12. Nome dos delegados/as elixidos para o congreso ou asemblea de rama e/ou territorio:

N.º que corresponde elixir Homes Mulleres

A) Titulares

1.
2.
3.
4.
5.

A) Suplentes

1.
2.
3.
4.
5.

13. Anexo 1. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e as emendas votadas maioritariamente, con expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo 1).

14. Anexo 2. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 ou o 20 por 100 dos votos, con expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo II).

15. Anexo 3. Como tal anexo, xúntanse as resolucións aprobadas pola Asemblea, coa expresión dos votos acadados por cada unha delas.

16. Como secretario/a da Mesa, fago constar (relatar brevemente calquera outra circunstancia relevante):

.....
.....
.....
.....
.....

17. Sinaturas dos compoñentes da Mesa da Asemblea.

V. e Pr. O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogais

ACTA DO CONGRESO OU ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:

1. Comarca

2. Federación /Sindicato

3. Data de celebración

4. N.º total de asistentes

a) Membros natos b) Membros elixidos c) Homes Mulleres

5. Órgano superior asistente

6. Orde do día do Congreso ou Asemblea:

1. _____
2. _____
3. _____

7. Composición da Mesa Presidencial da Asemblea:

Presidente/a: _____

Secretario/a: _____

Vogais: _____

8. Nomes do novo órgano de dirección (de se elixir), coa expresión da votación:

Secretario/a xeral

Comisión Executiva:

9. Número de listas presentadas á elección dos órganos de dirección e votos obtidos por cada unha:

Candidatura		N.º de votos obtidos	
Candidatura		N.º de votos obtidos	
Candidatura		N.º de votos obtidos	

10. Nome dos delegados/as elixidos para o Congreso ou Asemblea Congresual do órgano superior:

N.º que corresponde elixir Homes Mulleres

- A) Titulares
1.
 2.
 3.
 4.
 5.

- A) Suplentes
1.
 2.
 3.
 4.
 5.

11. Anexo 1. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e as emendas votadas maioritariamente, coa expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo 1).

12. Anexo 2. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 ou 20 por 100 dos votos, coa expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo 2).

13. Anexo 3. Como tal anexo, xúntanse as resolucións aprobadas pola Asemblea, coa expresión dos votos acadados por cada unha delas.

14. Outras incidencias relevantes (detalladas):

15. Sinaturas da Mesa e data da redacción da acta.

V. e Pr. O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogais

Anexo I**TEXTO DO DEBATE E EMENDAS MAIORITARIAS (1)**

1. Xúntanse os textos, con expresión ao final destes do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia das emendas maioritarias.

1.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

(1) De se optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo II**EMENDAS QUE ACADARON O 10 % DOS VOTOS ESIXIBLES POLA NORMATIVA (1)**

1. Xúntanse os textos, con expresión ao final destes do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia literal das emendas minoritarias:

1.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

(2) De se optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo III. RESOLUCIÓNS DO CONGRESO

Xúntanse os textos das resolucións; as votacións foron as seguintes:

1. Resolución sobre (citar o tema obxecto de resolución).

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2. Resolución sobre (citar o tema obxecto de resolución).

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

ANEXO VI

Modelo para a presentación de candidaturas					
Asemblea ou congreso para o que se presenta: _____					
Nº de orde	Nome	1º apelido	2º apelido	Antigüidade	Sinatura de aceptación
Presentada por: _____			Lugar: _____		
Data: _____					
Enderezo para os efectos de comunicación. Teléfono e correo e. _____					
<i>* Acompañar documento de identidade de cada un dos candidatos ou candidatas para o nivel I</i>					
<i>* Acompañar documento de identidade de cada un dos candidatos ou candidatas non acreditados para o nivel II, III, IV e V</i>					
<i>* Nos niveis II, III, IV e V, acompañar os avais necesarios.</i>					
<i>* As comunicacións relacionadas con esta candidatura faranse ao presentala.</i>					